


A COMUNICACIÓN



A comunicación é un intercambio de coñecementos e vivencias entre as persoas que se realiza a través de distintas linguaxes:



Linguaxe non verbal

É a que utiliza signos distintos das palabras (xestos, cores, perfumes, texturas, melodías, etc.).

Linguaxe verbal

É a linguaxe que emprega signos lingüísticos (acústicos ou visuais).



Le con atención a seguinte viñeta:



MENSAXE LINGÜÍSTICA

"Nervo-Calm", pastillas

RECEPTOR
(Mafalda)




EMISOR
(Felipe)


MENSAXE PARALINGÜÍSTICA
está tranquilo (nótaselle na cara)



A. OS ELEMENTOS DA COMUNICACIÓN



B. AS FUNCIÓNS DA LINGUAXE



As funcións non soen presentarse ailladas nas mensaxes, soen aparecer mesturadas. Por iso fálase dunha **función dominante** e de funcións secundarias.

1. A FUNCIÓN EMOTIVA (ou EXPRESIVA)



EMISOR



Aparece nas mensaxes nos que o emisor deixa translucir o seu estado de ánimo (enfado, alegría, sorpresa...)

Expresión lingüística:

- Entoación exclamativa: *Que leria!*
- Verbos e pronomes en 1ª persoa: *Eu estou encantado da vida.*
- Adxectivación valorativa; sufixos apreciativos (diminutivos e aumentativos): *Que bonitiño!*
- Interxeccións: *Ouh, que marabilla! /Iso dixo? De verdade?*
- Certos complementos oracionais: *“Por fortuna”, “sinceramente”.*
- Linguaxe connotativa.




Esmendrélleme de risa!



Non podo crer o que estou vendo.

TIPOS DE TEXTO:

- Cartas Pessoais.
- Diários íntimos; autobiografías.
- Poemas. Textos literarios
- Críticas de livros, películas, discos, etc. nos medios de comunicação.



Análise Uncharted 3: a traizón de Drake



Facer unha análise deste videoxogo é unha tarefa francamente divertida. Volve Nathan Drake en todo o seu esplendor.

2. A FUNCIÓN CONATIVA (ou APELATIVA)



RECEPTOR



Céntrase no receptor. É a función de mandato e pregunta. Mediante o uso desta función preténdese causar unha reacción no receptor. É dicir, con esta función preténdese que faga algo ou que o deixe de facer.

Expresión lingüística:

- Imperativos. Cala a boca!
- Vocativos. Ven aquí, meu.
- Afectivos (diminutivos): Es un tontiño.
- Expresións que buscan a complicitade do emisor: verdade?, non?, a que si?
- Articulación clara de sons; letra lexible.
- Utilización de diferentes medios gráficos que facilitan a selección e lectura das mensaxes: Tipos de letra, subliñados, negriña...




Pase, por favor.



Este paso é moi im-por-taan-te.

TIPOS DE TEXTO:

- Linguaxe publicitaria.
- Linguaxe política: discursos, mitins.
- Publicidade e propaganda
- Sermóns
- Artigos ou espazos de opinión nos medios de comunicación.
- Textos para dar instrucións.



3. A FUNCIÓN REFERENCIAL (ou REPRESENTATIVA)



CONTEXTO



Ao ser o contexto todo o extracomunicativo, a función referencial trata soamente sucesos reais e comprobables. Todo o que sexan opinións e apreciacións quedan fóra do ámbito desta. O seu obxecto é informar.

Expresión lingüística:

- Oracións enunciativas. Linguaxe denotativa: Está chovendo moito.
- Mensaxes obxectivas, neutros e impersoais (sen a presenza de sentimentos, opinións do emisor):
- Verbos e pronomes en 3ª persoa.
- Modo indicativo.
- Léxico de carácter denotativo.




Está chovendo moito.



Os peixes viven na auga.

TIPOS DE TEXTO:

- Textos científicos. Documentos.
- Informes
- Información de xornais, radio, TV.
- Libros de texto.
- Actas de reunións
- Resumes de textos



4. A FUNCIÓN POÉTICA(ou ESTÉTICA)



MENSAXE




Aparece sempre que a expresión atrae a atención sobre a forma de expresar a mensaxe. Calquera manifestación na que se utilice a linguaxe con propósito estético ou impactante.

Expresión lingüística:

Figuras literarias.

Linguaxe connotativa




No rego do prado canta a cotovía
-Paxariño amado que ben che quería-

No ramo frolido o merlo a cantar
-Paxaro belido para teu ollar-

No verde loureiro **troba** o reiseñor
-Paxaro lixeiro para o teu amor-

(A cantar espantan os males da pena
Porque todos cantan
Para a miña nena)



TIPOS DE TEXTO:

- Textos literarios.
- Poesía e prosa literaria (poemas, novelas, teatro).
- Publicidade.
- Cómics
- Chistes

*Ben sei que non hai nada
novo embaixo do ceo,
que antes outros pensaron
as cousas que hora eu penso.*

*E ben, ¿para qué escribo?
E ben, porque así semos,
relox que repetimos
eternamente o mesmo.*



5. A FUNCIÓN FÁTICA (ou DE CONTACTO)



CANLE



Comunicación que coida manter ou restablecer a relación entre falante e oínte. A súa finalidade é iniciar, prolongar, interromper ou finalizar unha conversa ou comprobar se existe algún tipo de contacto. O seu contido informativo é nulo ou escaso e utilízase como forma ou maneira de saúdo. A finalidade da función fática non é principalmente informar, senón facilitar o contacto social para poder transmitir e optimizar posteriormente mensaxes de maior contido. Constitúen esta función todas as expresións que utilizamos para iniciar, manter ou finalizar a conversa.


Expresión lingüística:

Maniféstase en interrogacións, repeticións ou frases feitas e a súa función é abrir, pechar ou manter a mensaxe

- Fórmulas de saúdo (bos días, ola!, como estás?, que pasou?, desculpe, vostede, etc),
- Fórmulas que se utilizan para interromper unha conversa e logo continuala (perdón....., espere un momentinho..., un segundo..., como lle dicía..., falábamnos de..., etc).
- Formulas para asegurarse que a comunicación está establecida: óesme?... escóitase ben?, probando 1, 2,3... atende, escoita, mira unha cousa...
- Fórmulas de despedida (adeus, ata logo, vémonos, abur, que o pases ben ,etc.)
- Recursos tipográficos que facilitan e dirixen a lectura: subliñado, **negriña**...



Que tal? Como lle vai?



Agora **atención** ao que vou dicir...

TIPOS DE TEXTO:



- Comunicación telefónica, de radio...
- Publicidad e propaganda
- Aparece en textos conversacionais.



6. A FUNCIÓN METALINGÜÍSTICA



CÓDIGO



Comunicación para aclarar ou explicar o código. Aclara a mensaxe.
Maniféstase en aclaracións e explicacións.

Expresión lingüística:

- Oracións enunciativas.
- Uso de expresións que desencadenan ou introducen explicacións:
“que quere dicir?”, “é dicir”; “isto significa”, etc.
- Linguaxe denotativa



Non acabo de entender. Que queres dicir?




“vendimar” significa recoller uva.

TIPOS DE TEXTO:

- Ciencias lingüísticas.
- Semiótica e semioloxía
- Dicionarios e gramáticas

$\neq$	diferente	$\exists$	existe	$\vec{A}$	vetor
$=$	igual	$\in$	pertence	$\vec{A} \cdot \vec{B}$	prod. escalar
$\supset$	contém	$\notin$	não pertence	$\vec{A} \times \vec{B}$	prod vetorial
$\subset$	contido	$\forall$	qualquer	lim	limite
$!$	fatorial	$\therefore$	portanto	Z	complexo
$<$	menor que	$\perp$	ortogonal	$\bar{Z}$	conjugado
$>$	maior que	$\wedge$	e	$/$	tal que
$\leq$	menor ou igual	$\vee$	ou	Γ	função gama
$\geq$	maior ou igual	i	imaginário	β	função beta
$+$	adição	Σ	somatória		
$-$	subtração	$\cup$	união		
$\div$	divisão	$\cap$	interseção		
$\times$	multiplicação	∇	nabla		
$\sim$	proporcional	Δ	diferença		
$\approx$	aproximado	∇^2	laplaciano		
$\Leftrightarrow$	se e somente se	$\int$	integral		
$\Rightarrow$	implicação				



Agora comproba se o entendiches. Sinala as funcións deste texto.

REFERENCIAL

APELATIVA

EXPRESIVA

EL. O concerto é ás dez. Alixeira! Estou tan farto de ter que esperarte sempre. Aborrezo a túa falta de puntualidade. Acaba dunha vez e ímonos. É tarde.


FÁTICA → Non me oes...? Nin caso. Sabes o que significa "facer caso"?
Pois, es-coi-tar nin máis ni menos.

METALINGÜÍSTICA

ELA. *De que, pois te queixas, Mauro, de que pois te queixas di?*
Cariño, ás veces, te comportas como un vello rosmón.

POÉTICA

Que funcións predominan nas seguintes imaxes?





É unha novela
marabillosa que
cautiva ao lector.




Como dis?




Na actualidade existe un consenso científico, case xeneralizado, en torno á idea de que o noso modo de produción e consumo enerxético está xerando unha alteración climática global, que provocará, á súa vez, serios impactos tanto sobre a terra como sobre os sistemas socioeconómicos.

Engade un texto ás seguintes imaxes que sirva para identificar unha función da linguaxe



C. A COMUNICACIÓN NON VERBAL

A comunicación non verbal realízase a través de multitude de signos de gran variedade: Imaxes sensoriais (visuais, auditivas, olfactivas...), sons, xestos, movementos corporais, etc.



Características

- Mantén unha relación coa comunicación verbal, pois sóense empregar xuntas.
- En moitas ocasións actúa como reguladora do proceso de comunicación, contribuindo a ampliar ou reducir o significado da mensaxe.
- Os sistemas de comunicación non verbal varían segundo as culturas.
- Xeralmente, cumpre maior número de funcións que o verbal, pois acompaña, completa, modifica ou substitúe en ocasións.



Sistemas de comunicación non verbal:

• **A linguaxe corporal.** Os nosos xestos, movementos, o ton de voz, a nosa roupa e mesmo o noso olor corporal tamén forman parte das mensaxes cando nos comunicamos cos demais.





• **A linguaxe icónica.** Nela englobanse moitas formas de comunicación non verbal: código Morse, códigos universais (sirenas, Morse, Braille, linguaxe dos xordomudos), códigos semiuniversais (o beixo, signos de loito ou dó), códigos particulares ou segredos (sinais dos árbitros deportivos).



Clave Morse					
A	•—	M	—•	Y	—••—
B	—•••	N	—•	Z	—•••
C	—•—•	O	—•—	1	•—•—•
D	—••	P	•—••	2	•••—
E	•	Q	—•—•	3	••••—
F	••—•	R	•—•	4	••••
G	—••	S	•••	5	•••••
H	••••	T	—	6	—••••
I	••	U	••—	7	—••••
J	•—•—	V	•••—	8	—•—••
K	—••	W	•—•—	9	—•—••
L	•—••	X	—••—	0	—•—•—

D. O SIGNO



- O **signo** é un elemento material, é dicir, perceptible polos sentidos, que representa a outro elemento, é «algo en lugar de algo».



- A **semioloxía** [ou semiótica]: a ciencia que estuda os signos que emprega o ser humano para comunicarse: a escritura, os ritos simbólicos, a moda, os costumes, a publicidade... Para o lingüista é unha parte da semioloxía, a que estuda o signo lingüístico.



Os signos organízanse en linguaxes:

NON VERBAIS



Finalidade: chegar a un receptor máis amplo:

- Código circulación
- Timbre teléfono
- Signos nos aparatos electrodomésticos
- Pictogramas
- Debuxos...



VERBAIS


Permiten expresar a realidade, os nosos pensamentos, e mesmo crear realidades imaxinarias. Pertencen á linguaxe verbal os códigos que substitúen a lingua oral, como a escritura, o alfabeto dos xordomudos, o morse ou o braille.



سينديروس



CLASES DE SIGNOS



Charles Peirce estabeleceu unha clasificación dos signos segundo o tipo de relación que se dea entre o significante e o significado:



INDICIOS

- O signo ten unha relación física de proximidade ou de causa-efecto co obxecto que representa.
- Son, en xeral, signos que se producen espontaneamente.



Alguén
pasou



Lume



Enfermidade

ICONAS

- O signo mantén unha relación de semellanza, maior ou menor, co obxecto representado.
- As pinturas, as esculturas, as fotografías, os mapas, as iconas informáticas, as onomatopeias



SÍMBOLOS

- A relación que une ao signo co obxecto é arbitraria, froito dun acordo; non hai semellanza nin ningunha outra relación entre o signo e o que representa.
- As palabras, os números, as bandeiras...



E. O SIGNO LINGÜÍSTICO

- O signo lingüístico é o resultado da unión de **un significado** e **un significante**.
- O significado é o concepto ou idea que se representa na nosa mente.
- O significante é a sucesión de sons [fonemas, ou letras na escritura] que percibimos.



CARACTERÍSTICAS DO SIGNO LINGÜÍSTICO

1. **Arbitrariade:** a relación que une ao significado co significante é convencional, produto dun pacto ou acordo tácito.



2. **Carácter lineal:** desenvólvese no tempo. Os elementos que o forman aparecen necesariamente ordenados un despois doutro e non de forma simultánea.


as palabras non aparecen simultaneamente

as palabras non aparecen simultaneamente

3. Inmutabilidade e mutabilidade: o signo lingüístico é inmutable. O falante non o pode cambiar a vontade porque pertence á comunidade. Con todo, as linguas cambian co paso do tempo.



4. Dobre articulación: o signo lingüístico está formado por unidades menores. A dobre articulación supón a posibilidade de descompoñer o signo en unidades con significado, que á súa vez están compostas por unidades sen significado. Cun número moi limitado de unidades mínimas pódense emitir infinitas mensaxes.





f. CÓDIGOS

LINGÜÍSTICOS

Escritura
Taquigrafía
A lóxica
Braille
Linguaxe xordomudos

NON LINGÜÍSTICOS

Números
Gráficos
Icónicos



CÓDIGOS

SEGUNDO OS SENTIDOS

VISUAIS



TÁCTILES



GUSTATIVOS



AUDITIVOS



OLFACTIVOS

